

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 16.06.2021

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de xuño de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 10897 (11/POC-001947)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre os datos e as razóns que xustifican o asinamento polo Instituto Galego da Vivenda e Solo dun convenio co Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dunha vivenda ocupada de xeito ilegal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 23.02.2021
- 1.2 10905 (11/POC-001948)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego dos dez anos de traballo da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 23.02.2021
- 1.3 16376 (11/POC-002594)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o grao de cumprimento por parte do Goberno galego da lexislación en materia de transparencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 26.05.2021

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 16286 (11/PNC-001640)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para apoiar o proxecto solidario de vacinación contra a covid en Cuba
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 26.05.2021
- 2.2 16614 (11/PNC-001685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 4 máis
Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación
de salas Gesell nos xulgados das sete principais cidades galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147, do 02.06.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

José Manuel Rey Varela
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Sol Díaz Mouteira	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

Pablo Arangüena Fernández	S
José Antonio Armada Pérez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Iria Carreira Pazos	BNG
Ana Belén García Vidal	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
Paula Prado del Río	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10897(11/POC-001947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre os datos e as razóns que xustifican o asinamento polo Instituto Galego da Vivenda e Solo dun convenio co Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dunha vivenda ocupada de xeito ilegal

Publicación da iniciativa, 100, 23.02.2021



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 13:51:34
Nº Rexistro: 10897
Data envío: 12/02/2021 13:51:34.237

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre os datos e razóns que xustifican a celebración dun convenio para o asesoramento á propiedade de vivendas obxecto de intromisión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de decembro de 2020 o Instituto Galego de Vivenda e Solo asinou co Consello da Avogacía Galega un convenio a fin de que polos colexios da avogacía de Galiza se prestase servizo de asesoramento ás persoas físicas que sufriran a ocupación ilegal dunha vivenda da que sexan propietarias ou usufrutuarias.

En cumprimento do convenio subscrito o CAG comprometéase á elaboración dunha guía informativa sobre os trámites administrativos e xudiciais sobre os dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas ocupadas ilegalmente. Así mesmo, pactábase a prestación de asistencia xurídica telefónica ou por correo electrónico para as persoas propietarias de vivendas obxecto de intrusión ilegal, consonte ao establecido na guía elaborada.

Resulta sorprendente que o único convenio de asesoramento xurídico asinado pola Xunta de Galiza no ano 2020 o fose para a orientación nunha materia con moi

CSM-REXISTROASXG991TB
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 13:51:34
Nº Registro: 10897
Data envío: 12/02/2021 13:51:34.237

escasa incidencia no territorio en Galiza, e no que, en boa parte do contido do convenio, xa existen recursos públicos para a defensa e protección dos intereses das persoas privadas.

En sentido inverso vemos como a evolución dos concursos de acreedoras, tanto de persoas naturais como xurídicas, medrando nun 30% no 2019 a respecto de 2016, sen que dende o goberno galego se adoptase medida de orientación para as persoas atinxidas. Non existindo neste caso unha alternativa pública no que se asesorar.

Do mesmo xeito o número de lanzamentos derivados de execucións hipotecarias e de arrendamentos urbanos excederon dos 2.000, sen que polo goberno de a Xunta de Galiza se púxese a dispor das afectadas nun instrumento de orientación ou asesoramento xurídico, como existía no ano 2016 ou 2017.

E por iso que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Cal é o número de allanamentos de vivenda habitual ou de segunda vivenda ocorridos nos anos 2019 e 2020?

-Considera o Goberno galego que a actuación do Ministerio Fiscal en Galiza ou das forzas e corpos de seguridade non están a cumprir acaidamente as súas funcións na recuperación posesoria de vivendas e de defensa dos dereitos das persoas físicas?

CSX4:REXISTROA:RGRXgr9IT8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 13:51:34
Nº Rexistro: 10897
Data envío: 12/02/2021 13:51:34.237

-Entende o Goberno galego que o convenio asinado contempla o asesoramento sobre inmobles que non teñan as condicións para a súa habitabilidade?

-A xuízo do Goberno galego o número de lanzamentos ou de concursos de acreedoras non xustifica a sinatura dun convenio co Consello da Avogacía Galega para a orientación ou asesoramento das persoas atinxidas?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:46:49

Alexandra Fernández Gómez na data 12/02/2021 13:46:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/02/2021 13:47:20

CSX: REXISTRO:ROA:GRXg9tT8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 13:51:34
Nº Registro: 10897
Data envío: 12/02/2021 13:51:34.237

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2021 13:47:30

CSX: REXISTROA6R9Xg9nT8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 10905(11/POC-001948)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego dos dez anos de
traballo da Agrupación Europea de Cooperación Territorial
Galicia-Norte de Portugal

Publicación da iniciativa, 100, 23.02.2021

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O 31 de Outubro de 1991 foi creada a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, baixo o amparo do Convenio Marco Europeo sobre Cooperación Transfronteiriza entre Comunidades e Autoridades Territoriais do Consello de Europa de 1980. A constitución da Comunidade de Traballo foi o primeiro paso no proceso de creación da Agrupación Europea de Cooperación Territorial – Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT).

A Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Rexional da Região Norte de Portugal (CCDR-N) foron os impulsores deste proceso, aproveitando a relación existente entre ambas rexións, as súas similitudes e a progresiva proxección concedida polas políticas de desenvolvemento rexional da Unión Europea.

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) creouse formalmente en 2008 e comezou a súa actividade o 1 de marzo de 2010, co nomeamento conxunto por parte da Xunta de Galicia e a CCDR-N do seu primeiro equipo directivo. Foi a primeira AECT en ser constituída na península ibérica e a terceira na Unión Europea.

Desde un punto de vista xurídico, a AECT é un instrumento nado do dereito da UE con personalidade xurídica propia. Isto supuxo un gran avance con respecto á Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal (que carece de personalidade xurídica) porque pode actuar de forma autónoma no tráfico internacional. Desde un punto de vista político, a AECT é o brazo executor das políticas que deseña a Xunta de Galicia e a CCDR– N no seo da Comunidade de Traballo.

Unha das principais funcións da GNP-AECT desde a súa creación foi a aplicación e implementación dos contratos, acordos e programas deseñados dentro da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e a xestión dos fondos derivados do POCTEP - Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España - Portugal 2007-2013. Desde o ano 2014, a esta actividade engádese a xestión do Programa de Cooperación Interuniversitaria Iacobus.



A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) constituíuse co obxectivo de ser un axente dinamizador e de interconexión para a Eurorexión así como un punto de encontro entre as institucións, empresas e cidadáns de ambos os lados da fronteira, para a promoción de intereses e obxectivos comúns.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Que balance fai a Xunta de Galicia destes máis de dez anos de traballo da A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT)?

Santiago de Compostela, a 12 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 12/02/2021 15:22:54

José Manuel Rey Varela na data 12/02/2021 15:23:17

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 15:23:38

María Sol Díaz Mouteira na data 12/02/2021 15:24:09

José Antonio Armada Pérez na data 12/02/2021 15:24:36

Noelia Pérez López na data 12/02/2021 15:24:55

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 15:25:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 16376(11/POC-002594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o grao de cumprimento por parte do Goberno galego da
lexislación en materia de transparencia

Publicación da iniciativa, 144, 26.05.2021



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e a posibilidade de exame cidadán de toda esta información son mecanismos básicos de control e de limitación do poder estatal.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón a súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria. Tamén obriga á Xunta de Galicia a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia e os contratos menores.

Nesta liña, o artigo 19.2 da Lei 1/2016 establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano. Actualmente, finalizada a X Lexislatura e rematado o ano 2020, non figura ningún informe que recolla o grao de cumprimento actualizado destes acordos, sendo o último publicado de decembro de 2017.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2021 18:15:39
Nº Rexistro: 16376
Data envío: 20/05/2021 18:15:39.604

Pola súa banda, o artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adjudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Non obstante, sorprendentemente, a 20 de maio de 2021 non figuran os datos estatísticos sobre contratos de 2019 e 2020.

Por outra banda, en cumprimento do disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que en materia de planificación normativa sinala que anualmente as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte, a Xunta publicou no ano 2017 no portal de transparencia un plan anual normativo, así como un informe sobre o seu grado de cumprimento. En 2018, publicou tamén un plan anual normativo (aprobado o 22 de marzo dese ano) pero non un informe de cumprimento e non publicou absolutamente nada en 2019 e 2020, probablemente polo escaso grao de cumprimento que amosaban os últimos informes. En consecuencia, leva tres anos incumprindo o establecido na lexislación nesta materia.

Todo o anterior amosa desprezo pola lei, ademais dunha acusada falta de dilixencia e de respecto pola transparencia e pola función de control da acción do goberno, básicas para o axeitado funcionamento da democracia e do estado de dereito.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno de Galicia que a transparencia é algo do que se pode prescindir nunha democracia?

2ª) Considera o Goberno de Galicia que pode omitir o cumprimento da lexislación en materia de transparencia?

3ª) Cando vai o Goberno de Galicia cumprir a lexislación en materia de transparencia nos aspectos subliñados na parte expositiva desta iniciativa?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2021 18:15:39
Nº Registro: 16376
Data envío: 20/05/2021 18:15:39.604

4ª) Cal é o motivo do retraso no cumprimento das obrigas en materia de transparencia que se relacionan na parte expositiva desta iniciativa?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 20/05/2021 18:05:18

Paloma Castro Rey na data 20/05/2021 18:05:33

CSX4 REGISTRO069Iuk4
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 16286(11/PNC-001640)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para apoiar o proxecto solidario de vacinación contra a covid
en Cuba

Publicación da iniciativa, 144, 26.05.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 11:44:21
Nº Rexistro: 16286
Data envío: 19/05/2021 11:44:21.921

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa á demanda do levantamento do bloqueio político, económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e o apoio ao proxecto solidario de vacinación contra a covid en Cuba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa pasou moito tempo desde que o ex-presidente dos Estados Unidos Barack Obama cualificase o bloqueio contra Cuba de obsoleto, ancorado no pasado, unha peza da Guerra Fría, e reconécese que non ten funcionado para os obxectivos históricos de Estados Unidos.

Malia os avances das relacións entre Cuba e Estados Unidos durante o goberno Obama, practicamente todos estiveron rotos polo goberno de Trump. Alén disto, empeorou a política de bloqueio a Cuba no seu mandato, mesmo retirando o seu persoal diplomático de La Habana, agregando con isto unha gran dificultade a cidadáns e cidadás de Cuba, que teñen que viaxar antes a outro país para pedir o visado de entrada en EEUU para poder visitar as súas familias.

Tamén, máis unha vez, Estados Unidos puxo a Cuba na súa lista de Países Patrocinadores do Terrorismo e, neste tempo de pandemia, desatou unha fortísima campaña de desprestixio e persecución das Brigadas Médicas Cubanas coas que, en

CSM-REXISTROU7AL4E89
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 11:44:21
Nº Rexistro: 16286
Data envío: 19/05/2021 11:44:21.921

convenio coa Organización Panamericana da Saúde —un órgano da ONU—, Cuba continúa colaborando con numerosos países pobres que o soliciten, así como en Italia e Andorra.

Co goberno de Biden, que xa dixo que «revisar a política de Trump cara a Cuba non é unha prioridade», o bloqueo mantense, con máis de 40 medidas contra Cuba tomadas por Trump e prexudicando así a calidade de vida dos cubanos e as cubanas.

Proximamente, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas volverá votar a "necesidade de poñer fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba". En todas as ocasións -ano tras ano e desde o 1992-, o bloqueo foi condenado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e na última, o ano 2019, a votación contra o bloqueo a Cuba obtivo 187 votos a favor, practicamente a unanimidade da cámara (ver anexo 1). E como sucedeu en numerosas ocasións, só Estados Unidos e Israel votaron en contra, sumándose en 2019 por primeira vez o Brasil de Bolsonaro que, ao chegar ao goberno e seguindo a política de Trump, rompeu o convenio que o seu país tiña con Cuba e a Organización Panamericana da Saúde, provocando que milleiros de médicos/as e técnicos/as sanitarios/as cubanos/as que ofrecían os seus servizos á poboación máis desfavorecida, sobre todo na Amazonía (onde hoxe se producen a maior cantidade de contaxios e mortes por coronavirus por falta de atención médica) víranse obrigados a deixar Brasil e pacientes.

A vontade dos acordos cubano-norteamericanos deben fortalecer a convivencia entre os dous países soberanos e veciños, facilitar os movementos de persoas e da economía, ao tempo que debe afondar nas garantías dos DD.HH. en ambos os países. Estes acordos son froito da vontade de dous países e dous pobos, o que non debe ser alterado nin obstaculizado polas administracións de novos presidentes / as e equipos.

CSV, REXISTROUTAU, 4E59
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 11:44:21
Nº Rexistro: 16286
Data envío: 19/05/2021 11:44:21.921

Calcúlase que o bloqueo lle custou á illa gastos por un valor de 125.873 millóns de dólares. Fontes oficiais xa estimaban perdas desde abril de 2019 a marzo de 2020 á esfera da saúde na orde dos 160 millóns de dólares e no ámbito da alimentación e da agricultura contabilizáronse danos por 428 millóns de dólares neste ano previo á eclosión da pandemia.

De feito, Cuba está a enfrontar 'dificultades descomunais' á hora de obter equipamento e materias primas para a produción de medicamentos contra o SARS-CoV-2. Doazóns e compras no exterior non puideron materializarse debido ás sancións que forman parte do bloqueo.

Outras mostras de agresividade son acompañadas contra a cooperación médica cubana, os impedimentos para renovar licenzas de compañías, a redución extrema do transporte aéreo e o ataque ás remesas.

A compañía norteamericana Western Union cesou a entrega de remesas en Cuba a causa das medidas unilaterais do Goberno dos Estados Unidos para impedir esa actividade na illa.

Aínda así, segundo as cifras de SODEPAZ, a covid-19 tivo un impacto limitado comparado con outros países sobre a saúde pero unha repercusión moi grande sobre a economía. Contabilizáronse 94.571 casos, dos que 89.073 persoas foron curadas e 531 faleceron, o que representa 46,32 mortes por millón habitantes.

O embargo norteamericano e a falta de divisas afecta á dispoñibilidade de equipos e insumos desde que Cuba empezou a ser afectada polo COVID 19.

O primeiro impacto foi sobre a posibilidade de importar respiradores ou pezas de repostos para os existentes, debido á prohibición de EEUU no uso de equipos que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 11:44:21
Nº Rexistro: 16286
Data envío: 19/05/2021 11:44:21.921

tivesen as súas patentes; como consecuencia traballouse no deseño e fabricación de ventiladores pulmonares polo Centro de Neurociencia (Cneuro).

As xiringas son fabricadas polas firmas norteamericanas Becton Dickinson y Cardinal Health, a alemá B Braun e a danesa Novo Nordisk. Cuba non pode adquirir as xiringas fabricadas por empresas norteamericanas.

Nese camiño hai un fito importante, envasar a vacina nun vial farmacéutico clásico, o pequeno frasco do que se extrae para inxectala. Igual que se necesita ter vacinas para todos/as, hai que ter viais para todas esas vacinas, ademais de xiringas. A industria espera unha demanda de mil millóns de unidades segundo o fabricante alemán Schott para unha primeira vaga de vacinacións.

A cadea de produción, até que unha vacina está lista para ser inxectada, é longa e complexa. E global, porque involucra varios países. Vacinas como a de AstraZeneca, por exemplo, depende de 15 países; a de Novavax, de 10; na de Moderna están implicados EE.UU., Suiza, Suecia e España. O recheo e acabado das doses destinadas fóra dos EE.UU. faise nos laboratorios Rovi en Madrid, por exemplo. A cadea de Pfizer, porén, centralízase máis en EE.UU.

Así, os países que poden producilas están bloqueando a súa exportación. É o caso dos EE.UU, que está recorrendo á Lei de Producción da Defensa para bloquear este e moitos outros produtos imprescindíbeis para fabricar as vacinas contra a covid-19.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza acorda por resolución:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 11:44:21
Nº Rexistro: 16286
Data envío: 19/05/2021 11:44:21.921

1.- Mostrar o apoio ao levantamento do bloqueio político, económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e maniféstase a favor dunhas relacións baseadas no respecto á legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.

2.- Apoiar a campaña de solidariedade internacional promovida por Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODEPAz) destinada á adquisición de xiringas para vacinación contra a covid-19 do ensaio de intervención comunitario da cidade de La Habana.

3.- Enviar esta resolución á Xunta de Galiza e os consulados de Cuba e Estados Unidos emprazados en Galiza, así como tamén ás embaixadas de Cuba e Estados Unidos en Madrid.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Mostrar o apoio ao levantamento do bloqueio político, económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e maniféstase a favor dunhas relacións baseadas no respecto á legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.

2.- Participar na campaña de solidariedade internacional promovida por Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODEPAz) destinada á adquisición de xiringas para vacinación contra a covid-19 do ensaio de intervención comunitario da cidade de La Habana.

3.- A que nas súas relacións coas Institucións dos Estados Unidos de América expresen a condena polo mantemento do bloqueio político, económico, comercial e



CSV REXISTROUTARL4E89

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 11:44:21
Nº Rexistro: 16286
Data envío: 19/05/2021 11:44:21.921

financeiro a Cuba, así como os anime a derrogar, o antes posíbel, as leis Helms Burton e Torricelli e insten ao Goberno español a facer o mesmo.”

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2021 11:43:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/05/2021 11:43:25

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2021 11:43:34

CSX: REXISTROUTAL4E89
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 16614(11/PNC-001685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
para a creación de salas Gesell nos xulgados das sete
principais cidades galegas

Publicación da iniciativa, 147, 02.06.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16614
Data envío: 27/05/2021 14:03:23.457

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Pablo Aranguena Fernández, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A sala Gesell toma o seu nome do pediatra e psicólogo estadounidense Arnold Gesell quen concibira a creación dunha habitación na que poder observar o comportamento dos nenos e das nenas sen que ninguén lles puidera perturbar.

No ano 2015 aprobouse a nivel estatal, o Estatuto da Vítima, que supuxo un antes e un despois na protección das persoas que sufriron algún tipo de feitos delictivos ao longo da súa vida, sobre todo, para aquelas vítimas vulnerables con necesidades de especial protección.

Entre estas medidas de protección creáronse nas sedes xudiciais o que se coñece como cámara ou sala Gesell, que son espazos axeitados para levar a cabo as entrevistas a menores e persoas con discapacidade que foran vítimas ou testemuñas de maltrato grave ou de delitos sexuais, así como a posibilidade que estas declaracións poidan ser recollidas a través de medios audiovisuais e realizadas por profesionais especializados.

As cámaras ou salas Gesell consisten nunhas habitacións con espellos e amobladas, nun espazo cómodo, próximo ao menor, para que este poida ser preguntado por profesionais axeitados (psicólogos e asistentes sociais pertencentes ao Imelga), sen a presenza física do xuíz/a, fiscal e partes, que observarán por videoconferencia as respostas do menor e poderán formularlle novas preguntas a través destes profesionais.

En Galicia a día de hoxe só o edificio xudicial de Ourense conta cunha sala Gesell, a pesar de que o custo das mesmas non é elevado, sobre 20.000 €, deixando nunha clara desprotección ás persoas menores e persoas máis vulnerables que se enfrontan a un procedemento xudicial, e nunha clara vulneración da normativa existente para a protección das vítimas.

CSM-REXISTRO:OQuHv7XLq1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16614
Data envío: 27/05/2021 14:03:23.457

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación de salas Gesell nos xulgados das 7 principais cidades galegas.

Pazo do Parlamento, 27 de maio do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/05/2021 13:55:18

Pablo Arangüena Fernández na data 27/05/2021 13:55:27

Marina Ortega Otero na data 27/05/2021 13:55:39

Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/05/2021 13:55:52

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/05/2021 13:56:01

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/05/2021 13:56:11



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es